




Manuel María

Biografía. 1º e 2º de Primaria

Día das letras galegas 2016





Manuel María Fernández Teixeiro naceu o 6 de outubro de 1929 en Outeiro de Rei, na provincia de Lugo.

Era fillo de Antonio e Pastora, dous labregos. O pai chegou a ser alcalde da súa localidade.


Estudou bacharelato en Lugo e nesta cidade comezou a súa carreira literaria.

Comezou os estudos de Dereito na Universidade de Santiago aínda que os abandonou ao pouco tempo.

O seu primeiro libro de poemas publicouno cando tiña vinte e un anos e levaba por título «*Muiñeiro de brétemas*».

Traballou durante moitos anos na vila lucense de Monforte de Lemos como Procurador ao tempo que daba clases nunha academia, escribía libros, colaboraba nunha emisora de radio, participaba en política e mantiña aberta, xunto coa súa muller Saleta, a librería Xistral. Manuel María foi un gran defensor da cultura galega é un dos autores que ten máis libros publicados noso idioma..

Foi membro da Real Academia Galega Galega e polo seu labor a prol da nosa lingua e cultura se lle adica o Día das Letras do 2016.



Manuel María



1.- Que sabes de Manuel María?

- Cal é o nome e apelidos do autor homenaxeado no Día das Letras?

- Onde naceu?

- Como se chamaban os seus pais?


- A que idade escribiu o seu primeiro libro?

- Cal era o título dese libro?

- En que vila luguesa traballou durante moitos anos?

- Como se chamaba a librería que fundou con Saleta, a súa muller?

2.- Completa o encrucillado cos datos da biografía de Manuel María.



HORIZONTAIS

- 1.- Primeiro nome do homenaxeado no Día das Letras, 2016.
- 2.- Nome da nai de Manuel María.
- 3.- Nome do pai.
- 4.- Parentesco que tiña con Antonio e Pastora.
- 5.- Vila da Terra Chá onde naceu Manuel María.
- 6.- Primeiro apelido de Manuel María.
- 7.- Nome da Librería que fundou xunto coa súa muller.
- 8.- Nome da súa muller.

1.- MANUEL 2.- PASTORA 3.- ANTONIO 4.- FILLO
5.- OUTEIRO 6.- FERNÁNDEZ 7.- XISTRAL 8.- SALETA

3.- Colorea a resposta correcta.

► Onde naceu Manuel María?

A CORUÑA

OUTEIRO DE REI

VIGO

► Que profesión tiñan seus pais?

CARTEIROS

DOUTORES

LABREGOS

► Cal é o título do seu primeiro libro?


**CANTARES
GALEGOS**

**MUIÑEIRO DE
BRÉTEMAS**

**MEMORIAS DUN
NENO LABREGO**

4.- Atopa nesta sopa de letras estas palabras relacionadas coa biografía de Manuel María.


OUTUBRO
PASTORA
LUGO
LEMO
XISTRAL
LABREGOS



5.- Ordena as letras para formar os nomes propios que aparecen na biografía.

A M U N L E	▶	
O L G U	▶	
N A O N I O T	▶	
T O I S N A A G	▶	
R A S O P T A	▶	

6.- Completa a seguinte ficha de Manuel María.

	NOME: _____
	APELIDOS: _____
	DATA DE NACEMENTO: _____
	LUGAR DE NACEMENTO: _____
	TRABALLOU COMO _____ AO MESMO TEMPO QUE DABA CLASES NUNHA _____, ESCRIBÍA _____, COLABORABA NUNHA _____ E MANTIÑA ABERTA A LIBRARÍA _____.
XISTRAL LIBROS EMISORA DE RADIO PROCURADOR ACADEMIA	